

Anas platyrhynchos/lavanco

Hábitat

Trátase dun pato xeneralista, capaz de instalarse nunha gran variedade de humedais, desde encoros ou marismas/lagamares ata estanques en parques ou xardíns.



É un excelente voador que ademais está perfectamente adaptado ó medio acuático. De feito, velo aterrar e levantar o voo dende a auga é todo un espectáculo.

Desprazamentos

As poboacións do sur e oeste de Europa son basicamente sedentarias, aínda que poden realizar curtos desprazamentos ante condicións ambientais desfavorables.

Alimentación

Aliméntase na auga empregando o seu peteiro plano e ancho para barutar o lodo en busca de sementes, brotes vexetais, insectos, moluscos...




Ameazas

As principais ameazas son a presión cinexética e a alteración dos humedais.

Dimorfismo sexual

Plumaxe chamativa e de cores vivas, coa cabeza verde brillante e colar branco.



Plumaxe críptica que lle axuda a pasar desapercibida entre a vexetación, facilitando a tarefa de criar os pitos.



Reproducción e cría

Normalmente, o cortexo nupcial comeza durante o mes de febreiro. A femia fai unha posta de entre 7 e 13 ovos entre a vexetación palustre. As crías poden nadar e mergullarse ás poucas horas de vida e cando contan con 50-60 días xa conseguen voar.